

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 22 DE FEBREIRO DE 2018.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as vinte horas e trinta e sete minutos do día 22 de febreiro de 2018, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARIA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a MARIA DEL CARMEN VARELA CORBELLE
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
D^a MARTA MARIA IGLESIAS BECERRA
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a MARTA MARIA FIGUEROA FUENTES
D. MIGUEL SUAREZ GARCIA
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ

Polo Grupo Municipal do PARTIDO POPULAR

D. ANTONIO CAÑAS VARELA
D^a LUCIA ISABEL FARIÑAS SEOANE
D^a MARIA OFELIA RAMOS LUNA
D. JAIME MOSCOSO MUIÑOS

Polo Grupo Municipal de ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

D^a MARIA ALICIA FERREIRO VARELA
D. CARMELO CORTES SANCHEZ
D^a. NURIA CARBALLEDA FEIJOO

Polo Grupo Municipal da MAREA VECIÑAL DE CULLEREDO

D. JOSE JUAN SANTOS IGLESIAS
D. MANUEL ISIDRO TAIBO GAGO

Polo GRUPO MIXTO

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO (BNG)
D. JESUS MANUEL VAZQUEZ LOZANO (CIDADÁNS)

CONCELLEIRA NON ADSCRITA

D^a VERÓNICA RIVADULLA DESCHAMPS

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e da fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

C.I.F. P-1503100-H



A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS EN DATAS 25 DE XANEIRO E 8 DE FEBREIRO DE 2018.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP Nº 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións ordinaria de data 25 de xaneiro de 2018 e extraordinaria de data 8 de febreiro de 2018, das que se entregaron copias remitidas coa convocatoria desta sesión.

A continuación, con permiso da Presidencia, intervéñ a Sra. Secretaria municipal, dona Pilar María Pastor Novo, dicindo que se detectaron dous erros nas actas que se someten a aprobación no seguinte sentido:

Na acta da sesión do día 25 de xaneiro de 2018, na páxina 16, liñas 27 e 28, onde di:

"Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción presentada polo Grupo municipal do PSdeG-PSOE, de data 19 de xaneiro de 2018, polo que devén en acordo nos termos transcritos."

Debe dicir:

"Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a moción presentada polo Grupo municipal do Partido Popular, de data 19 de xaneiro de 2018."

E na acta da sesión extraordinaria de data 8 de febreiro de 2018, na páxina 13, liña 13, onde di:

"(../...) o informe da señora interventora cando o mesmo data do día trinta de novembro (../...)"

Debe dicir:

"(../...) o informe da señora interventora cando o mesmo data do día trinta (../...)"

Seguidamente, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas das sesións ordinaria de data 25 de xaneiro de 2018 e extraordinaria de data 8 de febreiro de 2018, coas correccións indicadas, sendo aprobadas por unanimidade.

A vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas das sesións ordinaria de data 25 de xaneiro de 2018 e extraordinaria de data 8 de febreiro de 2018, coas correccións indicadas.

2.- PROPOSTA RELATIVA A NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación, de data 15 de febreiro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Contratación na súa sesión de data 15 de febreiro de 2018, que literalmente di:

"A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, fai

no seu Libro IV, denominado organización administrativa para a xestión da contratación, unha nova regulamentación das Mesas de Contratación.

En concreto, no artigo 326 define ás Mesas de Contratación como un órgano de asistencia técnica especializada que estará constituída por un Presidente, os vogais que se determinen regulamentariamente e un Secretario, cuxos membros serán nomeados polo órgano de contratación. Entre os mesmos, establece que non haberá los cargos públicos representativos nin persoal eventual. Por último, establece que non poderá formar parte da Mesa o persoal que participara na redacción da documentación técnica do contrato de que se trate.

A Disposición adicional segunda, relativa ás competencias en materia de contratación nas Entidades Locais, regula que formarán parte da mesa, como vogais, o Secretario e o Interventor, permitindo a presenza de membros electos sempre que o seu número non supoña máis dun terzo do total de membros das mesma.

Na composición actual da Mesa de contratación permanente figura un representante de cada partido con representación no Pleno o que, de acordo co sinalado, xa non será posíbel a partir da entrada en vigor da nova Lei. Por este motivo, enténdese que o máis acaído é que a Mesa de contratación, como órgano de asistencia técnica, estea composta exclusivamente por persoal técnico, tal e como establece o devandito artigo 326.

A nova Lei pretende a separación entre as funcións como redactor da documentación técnica das contratacións e a avaliación das ofertas dos licitadores. Dado que na composición actual figura o xefe de servizo de medio ambiente, servizos e obras, técnico propoñente dunha grande parte das contratacións das obras e servizos obxecto de licitación, entendéndose que, en virtude do sinalado, non debe formar parte da Mesa.


En base a todo o cal propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Nomear como membros da Mesa de Contratación permanente, a partir da entrada en vigor da nova Lei de Contratos a:

	Titulares		Suplentes	
Presidente	Roberto Babio Fernández	Xefe de servizo de economía e facenda	Francisco Javier Varela Tejedor	Xefe de gabinete técnico
Vocais	Pilar María Pastor Novo	Secretaría xeral	Persoa que desempeñe a secretaría xeral	
	Vanessa García Barreiro	Interventora xeral	Persoa que desempeñe a intervención xeral	
	Francisco Javier Varela Tejedor	Xefe de gabinete técnico	Karina Paula Díaz Arluna	Técnica de recursos humanos
	Manuel Vicente González González	Xefe de sección de obras públicas e servizos		
Secretaría	María de Carmen Martínez Mosquera	Xefa de negociado de contratación e asuntos xerais	María Luz Pedreira González	Técnica de administración

2. Publicar a composición da Mesa no boletín oficial da provincia da Coruña e no perfil de contratante deste Concello."





Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que no tema dos membros ve unha incoherencia porque os vogais e os suplentes son os mesmos, preguntando como quedaría a mesa caso de faltar o presidente e un dos vogais, ou se non se podería facer se faltasen por exemplo o Sr. Varela Tejedor e o Sr. González González, que contan coa mesma suplente.

Intervén o Sr. alcalde-presidente e di que considera que se podería facer igualmente.

Continúa a súa intervención a Sra. Ferreiro Varela dicindo que non sabe se a composición desta Mesa é legal pero en todo caso non a ve lóxica porque aparece o mesmo suplente para dous vogais e algún vogal aparece tamén como suplente polo que non entende como se poderían facer estas substitucións caso de faltar varias persoas, e preguntando se non habería en Culleredo funcionarios suficientemente capacitados entre os técnicos que hai para formar unha Mesa de Contratación que non poida dar lugar a problemas.

Responde o Sr. alcalde dicindo que nomearon dous suplentes pero a Mesa de contratación baséase tamén no quorum que haxa na propia Mesa polo que caso de que faltase algunha persoa en concreto supliríase co correspondente suplente pero se non houbera quorum non se podería celebrar a mesma e convocaríase para outro día.

Continúa a Sra. Ferreiro a súa intervención e pide que se lle explique por que un membro da mesa, vogal, é tamén suplente doutros que poidan faltar e pon como exemplo a Javier Varela Tejedor, que é membro da Mesa e tería que ser suplente caso de faltar Roberto Babío, preguntando se o equipo de goberno só considera a Javier Varela e a Karina Díaz como persoas adecuadas para a Mesa de Contratación e fai unha relación dos funcionarios que poderían formar parte da mesma por estar cualificados para isto, engadindo a súa pregunta se hai algún outro interés que non se queira comentar, e pide que se forme unha Mesa con cinco vogais e cinco suplentes que non se dupliquen.

Responde o Sr. alcalde-presidente dicindo que hai moitos funcionarios cualificados e entre eles os que aparecen na proposta que o equipo de goberno presenta para a súa aprobación.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta anterior, co seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (nove) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz.

Votos en contra: 3 (tres) dos sres/as: Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo.

Abstencións: 9 (nove) dos sres/as: Cañas Varela, Fariñas Seoane, Ramos Luna, Moscoso Muíños, Santos Iglesias, Taibo Gago, Chouciño Garrido, Vázquez Lozano e Rivadulla Deschamps.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación de data 15 de febreiro de 2018 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3. PROPOSTA SOBRE NOMEAMENTO DE RÚA NA PARROQUIA DE RUTIS.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Educación, Cultura e Participación Cidadá, de data 14 de febreiro de 2018 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Educación e Cultura na súa sesión de data 15 de febreiro de 2018 que literalmente di:

"PROPOSICIÓN DA CONCELLERÍA DE CULTURA, SOBRE NOMEAMENTO DE RÚA NA PARROQUIA DE RUTIS

Antecedentes

- 1.- Determinada rúa da parroquia de Rutis deste municipio está pendente de recibir unha denominación, polo que se fai necesario darlle un nome.
- 2.- A Concellería de Cultura presenta unha proposta acompañada dun informe no que se fundamenta a denominación que se propón.

Consideracións legais

- 1.- O artigo 75 do Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais, aprobado polo Real decreto 1690/1986, de 11 de xullo, dispón que os concellos manterán actualizada a nomenclatura das vías públicas, e deberán informar deste feito ás administracións interesadas.
- 2.- A concelleira de Educación, Cultura e Participación cidadá fixo unha proposta para poñer nome a unha rúa ata o de agora pendente de nomeamento.
- 3.- A competencia relativa á denominación das rúas e vías públicas compete ao Pleno da Corporación, en uso da facultade concedida polo artigo 22 da Leis 7/1985, de 2 de abril.
- 4.- Por último, por aplicación do artigo 86 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, considérase oportuno, á vista da natureza da proposta e a súa incidencia sobre unha cantidade indeterminada de persoas interesadas, que o acordo que se adopte sexa sometido a un período de información pública para que se poidan presentar as alegacións que se consideren convenientes por parte daquelas persoas que teñan dereitos ou intereses que se poidan ver afectados polo acordo que se adopte.

Por todo o exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Impoñer á rúa sinalada no plano que figura grafada na documentación técnica, e polos méritos expostos que consta no expediente administrativo:

O nome de RÚA XELA ARIAS, no lugar de Fonteculler, na parroquia de Rutis-Vilaboa.

Segundo.- Acordar un período de información pública de vinte días a contar desde a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, para que se poidan presentar alegacións por parte das persoas que teñan dereitos e intereses que se poidan ver afectados polo acordo adoptado.

Este acordo será definitivo cando transcorra o período que se indica sen que se presente ningunha alegación.

Terceiro.- Comunicar este acordo á unidade encargada de xestionar o Padrón de Habitantes, ás áreas de Urbanismo e Medio Ambiente e Servizos do Concello, á Intervención municipal e á Policía local, para o seu debido coñecemento

Cuarto.- Poñer, así mesmo, esta resolución en coñecemento das instancias ou organismos seguintes:

- O interesado ou familiares.
- Do Instituto Nacional de Estatística da Administración xeral do Estado.
- Da entidade pública empresarial Correos e Telégrafos.
- Do Instituto Galego de Estatística da Xunta de Galicia.
- Da Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Economía e Facenda.
- Da Delegación do Goberno en Galicia.

Xúntase un informe xustificativo da proposta presentada."

Ao non producirse intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta anterior, co seguinte resultado:

Votos a favor: 14 (catorce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Santos Iglesias, Taibo Gago, Chouciño Garrido, Vázquez Lozano e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: 7 (sete) dos sres/as: Cañas Varela, Fariñas Seoane, Ramos Luna, Moscoso Muíños, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez e Carballada Feijoo.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta de data 14 de febreiro de 2018, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE DE CULLEREDO PARA ESIXIR MELLORAS EDUCATIVAS Á XUNTA DE GALICIA.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 14 de febreiro de 2018, relativa á existencia de melloras educativas á Xunta de Galicia, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE DE CULLEREDO PARA ESIXIR MELLORAS EDUCATIVAS Á XUNTA DE GALICIA

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**.


EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A garantía dunha oferta educativa de calidade debe ser un dos eixes prioritarios das políticas da administración pública. Cómpre realizar unha **planificación acorde coas necesidades da cidadanía** e reservar os fondos axeitados para executala.

En Culleredo, o crecemento da poboación experimentado nos últimos 20 anos requiriu a apertura de novas infraestruturas que permitisen o desenvolvemento do ensino nas mellores condicións para o alumnado. Por desgraza, a acción política da administración competente en materia educativa, a Xunta de Galicia, non avanzou ao mesmo ritmo que a demanda de prazas, producíndose unha **situación de saturación** nas aulas de todos os centros educativos.

A **unión de esforzos entre as asociacións de nais e pais e o Concello de Culleredo** foi clave para reclamar unha solución. Despois de anos de moitas reunións, escritos e accións reivindicativas, a administración autonómica aprobou a apertura dun novo colexio de educación infantil e primaria (CEIP) e dun instituto de educación secundaria (IES). Pero a día de hoxe aínda non está arranxado o problema da saturación.

O novo CEIP estase a rematar na avenida de Rutis. O mes pasado coñecía-se a intención da Xunta de abril só cunha clase de 25 alumnos de 3 anos de infantil. Era unha decisión que resultaba inexplicable dado que non se aliviaban o resto de centros do xeito necesario e non se aproveitaban a capacidade de ata 450 prazas da instalación. De novo, o



Concello e as ANPA **tomaron cartas no asunto** logrando no pasado Consello Escolar Municipal o compromiso da Consellería de Educación de abrir a matrícula a todos os cursos. Agora espérase obter en tempo e forma toda a información para o procedemento.

Nesa mesma reunión reclamouse que **o servizo de comedor** do centro fose asumido pola Consellería e non polas ANPA como era a idea da Xunta. A petición baséase en que en todos os CEIP de Culleredo é a Consellería de Educación quen xestiona o comedor, polo que se espera que o novo colexio teña a mesma oportunidade, e ademais resulta especialmente dificultoso comezar a organizar o comedor para setembro cando a ANPA non pode estar constituída xa.

No mencionado Consello, o representante de Educación explicou que se trataría de atender esta solicitude sobre o comedor. Pero dous días máis tarde, os medios de comunicación recollían **a negativa da Xunta a xestionar o servizo**.

No caso do instituto, a posta en marcha do IES Rego de Trabe foi un alivio para o IES Blanco Amor, aínda que parece que **insuficiente para a demanda de alumnado existente**. O IES Rego de Trabe ten xa previsto habilitar novas aulas para poder atender esta situación. Cómpre desta vez facer unha planificación educativa conveniente e evitar unha nova saturación nos institutos.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Culleredo presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando á Xunta de Galicia a:

1. Asumir a xestión directa do servizo de comedor no novo CEIP de Culleredo
2. Ofrecer en tempo e forma toda a información ás familias de Culleredo sobre o proceso de matrícula no novo CEIP para o vindeiro curso 2018 – 2019 "

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, fai unha presentación da proposta presentada e solicita engadir un texto ao punto número 2 da mesma que quedaría redactado da seguinte forma:

"2. Ofrecer en tempo e forma toda a información ás familias de Culleredo sobre o proceso de matrícula no novo CEIP para o vindeiro curso 2018 – 2019, que debe ser aberto a todos os cursos de infantil e primaria."

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo Mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a proposta lles parece ben e que a actitude do Partido Popular e da Xunta é indigno de quen ten a obriga de proporcionar os servizos que precisa a veciñanza; que se pretenden fomentar a demografía trasladando a xente para que se apañe como poida o retroceso demográfico ata a extinción está máis que garantido; non entende que se deixe a posta en marcha dun centro chamado a reequilibrar o alumnado entre os centros saturados e o novo centro a disposición de que as familias elixan e se inclinen polo traslado de forma que beneficiarían ao colectivo, pero esa decisión individual só se vai ver favorecida se hai condicións que lle permitan o beneficio do traslado fronte a permanecer no centro no que xa está; que a pesar de todo trátase dun si crítico porque o equipo de goberno non é alleo a esta situación que se está dando e que se trata dunha situación recorrente que leva décadas sen resolver; pregunta se teñen que lembrar as reiteradas veces nas que o BNG preguntou "acerca de" e propuxo medidas para que o novo CEIP estivese a tempo en setembro do 2017, para o inicio do curso 2017-2018, respondendo o equipo de goberno reiteradamente que esperaban que o colexio estivese listo para o inicio de curso, non servindo para nada estas previsións, pese a que as constatacións do BNG lles facían ver que o orzamento da Xunta recollía a execución en tres anualidades, a última en 2018, así como tampouco cando lles demostraron que unha obra licitada en outubro do 2016 para se executar en 15 meses non podía estar en setembro de 2017, sendo só cuestión de contar polos dedos; que as risas que botaron co concelleiro de Educación na visita aos terreos non facían esperar que o equipo de



gobierno estivera demandando coa firmeza que se precisaba para esta cuestión; que a concelleira de educación cando lle fixeron ver unha evidencia irreprochable chegou a dicir que en realidade o novo colexio coas cifras de poboación que hai xa case non facía falta, o que está en acta e gravado en vídeo, non sendo este o único caso no que o equipo de goberno claudica de defender os intereses de Culleredo ante a Xunta e algún día deberían explicar cales son eses motivos, como os problemas dos comedores que houbo o ano anterior, o novo centro de saúde e a súa posta en marcha a tropicóns, etc., solicitando admitan a emenda que trae para a súa presentación que consiste en engadir un punto 3 coa seguinte redacción:

"3. Instar asimesmo á Consellería de Educación a asumir o obxectivo do reequilibrio de matriculas entre os distintos centros, tanto de primaria como de ensino secundario.

Para o caso do bacharelato, que se oferte a totalidade de itinerarios distribuídos entre os centros, incluídos as modalidades de bacharelato artístico, plástico e musical."

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Carballeda Feijoo quen, unha vez concedido, di que o seu grupo está a favor de todas as medidas presentadas para mellorar a calidade da educación do Concello; que hai que ter claro que a educación é un tema de máxima importancia para as familias, motivo polo que debe ser tratado polos representantes políticos co máximo respecto e a máxima implicación; que son conscientes de que o Concello xa fai varios anos está recibindo familias novas coa idea de escolarizar aos seus fillos e fillas, sendo obriga do Concello atender as demandas das familias e ofrecer as mellores condicións para a escolarización dos nenos e nenas; que este Concello ten unha concelleira cunha adicación exclusiva que ten como obriga loitar polos intereses dos nenos e nenas para que a súa vida escolar sexa da mellor calidade posible; que a estas alturas, vendo a situación na que nos atopamos, poderíase afirmar que a preocupación parece non ser suficiente ao ver colexios con aulas que superan o ratio establecido e incluso tamén casos que superan as aulas para as que inicialmente foron creadas, caso que se está a ver tamén nos institutos do Concello, sendo máis grave dado que hai un instituto novo desde fai tres anos que leva xa dous superando o número de aulas que inicialmente estaban previstas, podéndose ver que en moitos casos son as propias familias as que teñen que tomar a iniciativa á hora de demandar os dereitos dos nenos e nenas cando se trata dunha tarefa que debería xurdir do propio goberno municipal; que por todo isto ven favorable a iniciativa de esixir melloras educativas pero tamén ven que estas son insuficientes para solucionar o grave problema que hai neste Concello, podéndose ver ademais que na propia demanda non se ten clara a problemática e na redacción xa figura "aínda que parece que é insuficiente", dicindo que non parece, senón que é evidente, polo que propoñen unha emenda para esta moción co seguinte texto:

"Que o goberno municipal de Culleredo presente de forma inmediata, a esta Corporación e á Xunta de Galicia, o mapa escolar actualizado, para unha planificación real de todas as necesidades educativas, e solucionar dunha vez a precaria situación que se está a sufrir dende fai xa varios anos."

Remata a súa intervención a Sra. Carballeda Feijoo dicindo que caso de ser aceptada esta emenda, o seu voto será favorable.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fariñas Seoane quen, unha vez concedido, di que cre que o tema educativo é un tema sobre o que ningún dos grupos que forman parte da Corporación municipal debería frivolar; que considera que o que o equipo de goberno quixo tratar con esta proposta é o caso do CEIP que comezará a funcionar no mes de setembro e que é verdade que o tema educativo pode levar consigo moitas cuestións como o outro IES, que haxa centros saturados, etc pero que nesta sesión habería que centrarse nas peticións que o grupo de goberno estableceu, referidas única e exclusivamente ao novo CEIP; que o grupo popular non quere facer política sobre estes temas porque considera que non é a mellor medida polo que lle din ao equipo de goberno que o grupo popular si está de acordo co que solicitan e que si estarán de acordo con que a Xunta leve a xestión do comedor pero co que non están de acordo é con algún dos parágrafos que o goberno formula na súa exposición de motivos, polo que propoñen facer outra moción independente que se base na petición de

melloras educativas e valorarán o seu apoio solicitando a retirada do cuarto, sexto e sétimo parágrafos da exposición de motivos, co cal o seu voto será favorable.

Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal PSdeG- PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que efectivamente este tipo de cuestións debería servir para facer unha "piña" do Pleno da Corporación do Concello para solicitar á Xunta o que é de sentido común e que todos deberían estar de acordo e probablemente todos os veciños e veciñas que estén escoitando neste Pleno tamén o estarán en regularizar nas mellores condicións posibles os usos do CEIP e o uso do comedor, e que se abran as matrículas para infantil e primaria é unha prioridade que seguramente comparten todos e cada un dos presentes; que é unha lástima que haxa algún grupo que sempre aproveite para "meter bulla" e que o goberno é o primeiro interesado en que este tipo de infraestruturas e servizos se leven a cabo pero non lle parece de recibo que se lles achegue algo que non é da súa competencia e sobre o que, aínda non sendo, sempre instan, solicitan e presionan para que esas medidas e esas infraestruturas se asenten no Concello o antes posible porque é algo de interese xeral e un beneficio para todos os veciños e veciñas do Concello; que coinciden co exposto pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fariñas Seoane, e que o obxectivo da moción que hoxe trae o equipo de goberno é o CEIP polo que o que propón o concelleiro do Grupo Mixto, Sr. Chouciño Garrido, referido a cuestións de bacharelato artístico e plástico debería ser obxecto quizás doutra moción; que no referente á proposta do grupo municipal Alternativa dos Veciños están de acordo e que ese mapa escolar actualizado entende que xa existe polo que aceptan a emenda proposta como tamén a de transaccionar os parágrafos mencionados pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fariñas Seoane sempre e cando o sentido da moción que son os puntos que realmente se piden á Xunta estén todos de acordo en que así se tramite.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo Mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que lle fai moita gracia o comentario feito sobre facer política cando se atopan nun foro no que está a representación política e que facer política non debería considerarse como algo peyorativo; que entende que a política é un medio para impulsar as medidas que consigan obxectivos de mellora do benestar da veciñanza; que están en política porque é o sitio no que se toman decisións e queren impulsar decisións que contribúan ao benestar; que ten o listado dos autobuses que van a Tarrío e facendo contas sae que 6 liñas máis a metade doutras dúas van da zona urbana polo que procede que o Sr. Feijoo diga en canto está saíndo que Culleredo teña o mapa escolar como o ten; que se está animando a ter fillos para que haxa un aumento demográfico e cando as familias os teñen e se atopan con problemas lles din que se apañen e que a Consellaría non pinta nada; que con respecto ás palabras da voceira do Partido Popular, bota en falta as palabras do anterior voceiro cando dicía que no seu grupo por riba das siglas estaba o feito de representar aos veciños; que hai unhas semanas escoitou e viu propaganda dun colexio privado que con moita antelación, hai xa un mes, invitaba a ver as instalacións, o profesorado e como vai ser todo unha marabilla desde o primeiro día de curso e que se ía contar con todos os servizos, e comparado co que agora se está vendo que se lles di ás familias, que cando o colexio esté en marcha xa se constituirá unha ANPA que se encargue do comedor lles parece unha barbaridade insoportable e que por isto están en política, para propoñer alternativas e opoñerse a que as cousas funcionen así e o fagan doutra maneira que posibilite o reequilibrio necesario que debería marcarse como un obxectivo, sendo este o motivo polo que propoñen unha emenda, rematando a súa intervención dicíndolle ao Sr. Taibo que lle fixo o comentario do instituto que o goberno tamén fala de secundaria na súa proposta; que están de acordo con ela pero lles pide que non se contradigan e acepten a súa proposta de emenda que complementa á proposta do equipo de goberno.

Deseguido solicita o uso da palabra a concelleira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Carballeda Feijoo quen, unha vez concedido, di que só quere puntualizar unha cousa xa que lles din que o mapa escolar se atopa xa actualizado sendo algo que levan pedindo na Comisión Informativa de Educación e aínda non o teñen polo que se se atopa actualizado roga llelo aporten.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta presentada, coas emendas feitas polos grupos municipais do Partido Popular, relativa á supresión dos parágrafos catro, sexto e sétimo, e Alternativa

dos Veciños, relativo á insertar o texto transcrito anteriormente, resultando aprobada por unanimidade polo que devén en acordo nos seguintes termos:

"De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A garantía dunha oferta educativa de calidade debe ser un dos eixes prioritarios das políticas da administración pública. Cómpre realizar unha **planificación acorde coas necesidades da cidadanía** e reservar os fondos axeitados para executala.

En Culleredo, o crecemento da poboación experimentado nos últimos 20 anos requiriu a apertura de novas infraestruturas que permitisen o desenvolvemento do ensino nas mellores condicións para o alumnado. Por desgraza, a acción política da administración competente en materia educativa, a Xunta de Galicia, non avanzou ao mesmo ritmo que a demanda de prazas, producíndose **unha situación de saturación** nas aulas de todos os centros educativos.

A **unión de esforzos entre as asociacións de nais e pais e o Concello de Culleredo** foi clave para reclamar unha solución. Despois de anos de moitas reunións, escritos e accións reivindicativas, a administración autonómica aprobou a apertura dun novo colexio de educación infantil e primaria (CEIP) e dun instituto de educación secundaria (IES). Pero a día de hoxe aínda non está arranxado o problema da saturación.

Nesa mesma reunión reclamouse que **o servizo de comedor** do centro fose asumido pola Consellería e non polas ANPA como era a idea da Xunta. A petición baséase en que en todos os CEIP de Culleredo é a Consellería de Educación quen xestiona o comedor, polo que se espera que o novo colexio teña a mesma oportunidade, e ademais resulta especialmente dificultoso comezar a organizar o comedor para setembro cando a ANPA non pode estar constituída xa.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Culleredo presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando á Xunta de Galicia a:

1. Asumir a xestión directa do servizo de comedor no novo CEIP de Culleredo
2. Ofrecer en tempo e forma toda a información ás familias de Culleredo sobre o proceso de matrícula no novo CEIP para o vindeiro curso 2018 – 2019, que debe ser aberto a todos os cursos de infantil e primaria.
3. Que o goberno municipal de Culleredo presente de forma inmediata, a esta Corporación e á Xunta de Galicia, o mapa escolar actualizado, para unha planificación real de todas as necesidades educativas, e solucionar dunha vez a precaria situación que se está a sufrir dende fai xa varios anos."

5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE DE CULLEREDO RELATIVO AO DÍA 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, de data 15 de febreiro de 2018, relativa ao Día 8 de marzo, día internacional da muller, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Culleredo desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Día 8 de Marzo, o Grupo Municipal Socialista manifesta, un ano máis, o seu compromiso coas mulleres, coa defensa dos seus dereitos e coas políticas de igualdade como instrumento para avanzar cara a unha sociedade democraticamente máis xusta e equilibrada na toma de decisións entre homes e mulleres.

Recoñecemos os avances que ao longo das décadas desenvolvéronse no noso país en materia de igualdade, pero á vez tamén recoñecemos os retrocesos e recortes que veñen producindo nas políticas de igualdade, especialmente no ámbito local debido ao cambio lexislativo que modificou substancialmente o ámbito de competencias dos Concellos nestas áreas.

Non pode haber unha sociedade verdadeiramente democrática se non somos capaces de eliminar os comportamentos e actitudes machistas que atentan contra máis da metade da poboación. E ese machismo, froito do patriarcado máis rancio e máis prexudicial para as mulleres esténdese en todos os ámbitos, dende o familiar, social e laboral ata a máis cruel das manifestacións como é a violencia de xénero que se exerce cara ás mulleres.

Unha sociedade libre de machismo é o noso obxectivo. Por iso, con motivo da conmemoración do 8 de Marzo, desde o Grupo Municipal Socialista seguimos reclamando medidas e políticas para un verdadeiro cambio social que supoña unha profunda transformación estrutural na que as mulleres sexan protagonistas e copartícipes.

C.I.F. P-1503100-H

